

Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

STEG Opina

O STEG pronunciouse en xaneiro de 2024 contra o Acordo de Mellora que tres organizacións sindicais do ensino subscribiron coa Consellería de Educación, pois este non daba resposta ás necesidades e reivindicacións históricas que viñamos defendendo canda as restantes organizacións sindicais. Fundamentalmente: a redución de ratios, máis profesorado nos centros e a recuperación salarial e dos dereitos perdidos polo profesorado nos últimos quince anos. Sostivemos, ademais, que non había vontade real de cumprimento por parte da Consellería e o que se pretendía, tamén, ademais de dividir as organizacións sindicais, era acadar unha fotografía que contribuíse á vitoria de Rueda nas eleccións.

Año e medio máis tarde, logo do sistemático incumprimento dese Acordo de mínimos que non axuda nin de lonxe a subsanar os graves danos que as políticas da Consellería inflixiron á calidade do ensino público, o STEG continúa na mesma posición. Neste tempo mobilizámonos, manifestámonos, pechámonos, fomos á folga, visitamos o profesorado nos centros educativos e escoitámolo, dirixímonos por escrito e por todas as vías posíbeis á Consellería para que enfrente unha negociación real en base ás reivindicacións que esta aínda non se dignou atender e, mesmo abordamos directamente o Conselleiro hai uns días para que tivese a ben recibirnos canda as compañeiras da CIG.

Hoxe observamos que hai certo nerviosismo na Consellería. Pero no canto de enfrontar unha negociación sincera -suxeita a prazos razoábeis, compromisos concretos e cumprimentos tanxíbeis que melloren a calidade do ensino público- e que inicie a apertura dun diálogo con vontade real de acadar un acordo significativo, Román Rodríguez xoga ao despiste e á confusión. Agora incorpora, nunha curiosa reviravolta, unha organización sindical máis ao "Acordo". A cal Acordo, preguntámonos? Ao Acordo que xa se acordou pero nunca se chegou a cumprir? A un novo Acordo que se negocia alleo e con arbitraria discrecionalidade segundo os sindicatos que mellor lles parecen, fóra das mesas de negociación contempladas na legalidade? Un Acordo que prescinde das organizacións que lideran o Comité de Folga que máis xornadas da mesma acumula nos últimos vinte anos? Este movemento da Consellería lembra aquilo de "esta vez, si, perdón".

Dende o STEG opinamos que o marco da negociación está esgotado, á vista dos incumprimentos, aprazamentos e falta de vontade ningunha de diálogo por parte da Consellería -só unha manobra para gañar tempo namentres continúa coa degradación do ensino público galego- e defendemos a necesidade de persistir nas mobilizacións, folgas e calquera outra acción que, dunha vez, atenda as necesidades reais do ensino público. Por iso e, á falta de avance ningún a este respecto, pregámosvos que secundedes as xornadas de folga e accións contempladas para os vindeiros días 16 e 17 de decembro.

Non é doado nin cómodo. Pero é necesario porque sobran os motivos.

STEG